

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 7 de maio de 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede a nomear e a facer pública a composición do tribunal que xulgará a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 17 de marzo de 2014 (Diario Oficial de Galicia do 26 de marzo).

En cumprimento do sinalado na base común 5 da Orde do 17 de marzo de 2014 (*Diario Oficial de Galicia* do 26 de marzo), pola que se convocaba concurso-oposición para o acceso ao corpo de profesores de ensino secundario e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Nomear o tribunal que deberá xulgar a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario no anexo desta resolución.

Segundo. A localidade de actuación do citado tribunal farase pública na resolución desta dirección xeral en que o tribunal anunciará a hora e o lugar da realización da proba.

Terceiro. Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros do tribunal que necesiten desprazarse para o exercicio de tal función, e terán dereito a percibir as axudas e gastos de viaxes de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción usados serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de xullo) que foi modificado polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (*Diario Oficial de Galicia* do 30 de maio) e corrección de erros no *Diario Oficial de Galicia* do 1 de xuño, e a Resolución do 20 de xuño de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 17 de xullo).

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2014

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos



ANEXO

Tribunal titular-acreditación coñecemento do galego

	Apelidos e nome	DNI
Presidente	González Moreiras, Jesús Pablo	33783681Q
Vogal 1	Jato Rodríguez, Anxo	34250485N
Vogal 2	Vázquez González, Susana M.	32768077T
Vogal 3	Pena Sánchez, Xosé R.	32419996R
Vogal 4	Rodríguez Cabanas, Carme	76508823J

Tribunal suplente-acreditación coñecemento do galego

	Apelidos e nome	DNI
Presidente	Caseiro Nogueiras, Delfín	34720883Z
Vogal 1	Froján Roma, José Luis	76858652N
Vogal 2	Fernández Castro, María Montserrat	33835312N
Vogal 3	Díaz Pérez, Evaristo	35552421X
Vogal 4	De Arriba Redondo, María José	76572387M

